



Novos tempos para a acción exterior de Galicia





Novos tempos para a acción exterior de Galicia

DIRECCIÓN: **Daniel González Palau (Director do IGADI)**

EQUIPO COLABORADOR: **Nava Castro, Serafín Pazos, Tamara Espiñeira, Diego Sande, Xosé Carlos Morell, Miguel Angel Martínez Pellitero, Elsa Quintás, Miguel Penas e Encarna Otero.**

DIAGRAMACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA: BREO.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN:

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.

The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

A edición deste informe contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



Xacobeo 21-22

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [BOLETÍN ELECTRÓNICO](#)
na páxina web WWW.IGADI.GAL ou [escríbenos a info@igadi.gal](mailto:info@igadi.gal)



Índice

1.	Presentación: Novos tempos para a acción exterior de Galicia	4
1.1.	Equipo Informe Nós No Mundo 2020-2021	5
1.2.	30 Anos de IGADI	6
2.	Xacobeo 2021-2022: Oportunidade, reto, responsabilidade e ilusión Nava Castro	8
3.	As consecuencias do Brexit para Galicia Serafín Pazos Vidal	10
4.	A paradiplomacia local galega nos tempos do Brexit: pistas a explorar para unha nova relación coas cidades do Reino Unido Tamara Espiñeira	12
5.	As implicacións do Brexit no Sistema Educativo en Galiza Diego Sande	14
6.	Afinal encontramos-nos na Unión Europea Xosé Carlos Morell	17
7.	I Informe de cumprimento da Axenda 2030 en Galicia Miguel Ángel Martínez Pellitero	19
8.	Ordenar a acción exterior de Galicia na Década Xacobeá? Daniel González Palau	21
9.	A defensa do galego nas institucións internacionais Elsa Quintás	24
10.	Carvalho Calero 2020: o galego, o noso português, é um elemento multiplicador Miguel Penas	26
11.	Unha lectura feminista a Xeración NÓS Encarna Otero	28

Presentación

1. Novos tempos para a acción exterior de Galicia

A aprobación da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia o pasado 23 de febreiro deste 2021 no Parlamento e a súa publicación no DOG o 15 de marzo abren un tempo novo para a acción exterior de Galicia.

A Lei chega despois de décadas de evolución da nosa paradiplomacia, primeiramente desde a Xunta de Galicia e a icónica creación da Fundación Galicia Europa no 1988, a universalización dos Camiños a Santiago e o Xacobeo, a Lei de Cooperación ao Desenvolvemento (2003), o primeiro Libro Branco da Acción Exterior (2004), o desenvolvemento da Eurorexión ou fitos coma a Lei da Galeguidade no 2013, a Lei Paz Andrade no 2014, ou a aprobación da primeira Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) no 2018.

A Lei chega tamén despois dunha longa evolución da acción exterior das Cidades, Deputacións e Concellos, que ben por medio da participación en proxectos europeos, irmandamentos, redes de cidades, colaboración coa diáspora, impulso á cooperación ao desenvolvemento, a promoción do turismo ou os esforzos pola captación de investimentos, atesoran xa dúcias de experiencias concretas na relación co internacional.

Máis ala, as Universidades, as empresas e as entidades do tecido sociocultural entraron nas últimas décadas de cheo na globalización, alterando de maneira profunda a natureza do seu día a día, no obxectivo de relacionarse máis e mellor co internacional, coma todos os datos sinalan.

A Lei chega tamén 30 anos despois do nacemento do IGADI, polo que a aprobación da Lei representa para nós un fito particular á hora de

pensar a globalización en Galicia e os mecanismos para sermos tan competitivos coma cooperativos na década dos anos 20. Para o IGADI, que desde o seu nacemento impulsou a necesidade de construír políticas públicas de acción exterior con intencionalidade estratéxica para o noso modelo de desenvolvemento, a aparición da Lei debe acompañarse de medidas para ordenar todo o noso capital relacional internacional.

Nese salto de calidade por construír, a Xunta de Galicia pode e debera de ter un papel protagonista, mais é tarefa de todos os actores da nosa acción exterior apostar por fórmulas cooperativas e mecanismos de coordinación que de feito constrúan esas autopistas de conexión co mundo, en beneficio de todos.

Non é un problema menor para o impulso inicial da Lei o contexto de crise sanitaria producido da Covid-19. Os cambios tectónicos en curso na sociedade internacional, a suspensión radical que a pandemia provocou na globalización durante o 2020 ou a incerteza sobre a evolución da nova normalidade, condicionan a nosa acción exterior e este necesario proceso de ordenación.

Así as cousas na edición deste ano do informe anual Nós No Mundo, decidimos poñer a atención naquelas cuestións máis inmediatas que deberemos afrontar en relación ao noso posicionamento internacional. Así, o Xacobeo 2021 redefinido en Xacobeo 2021-2022 e a Década Xacobeo que acompañará os anos 20, os distintos impactos do Brexit en Galicia, as relacións con Portugal ou a Axenda 2030, acaparan o foco

principal do anuario. Ten tamén o Nós No Mundo 2020-2021 espazo para pensar a nosa lingua en Europa e no mundo, así coma un artigo final desde unha lectura feminista do centenario da Xeración NÓS e a súa xenética universalista, trala conmemoración do mesmo celebrado no 2020.

Para despedirnos non temos máis que agradecer a todas as persoas e entidades que cola-

boraron na elaboración deste anuario a súa boa disposición a participar no mesmo, así coma recoñecer o apoio da Secretaría Xeral de Normalización Lingüística que desde o ano 2010 apoia o impulso desta publicación. Nós seguiremos a darlle corda ao centro da nosa misión constituínte; promover a participación de Galicia na sociedade internacional.

1.1. Equipo Informe Nós No Mundo 2020-2021

Nava Castro

Directora Xeral de Turismo de Galicia
(Xunta de Galicia).



Daniel González Palau

Director do IGADI.




Serafín Pazos

Doutor en Unión Europea, Xefe da Oficina de Bruxelas e responsable the Política Europea da Convención de Autoridades Locais Escocesas.
Investigador asociado do IGADI.



Tamara Espiñeira

Doutora en Goberno Local, Investigadora asociada UMR 6590 Espazos e sociedades Centro Nacional de Investigación (CNRS) Francia.
Investigadora asociada IGADI.



Diego Sande

Profesor e Doutor en economía e empresa,
Consello de redacción da revista semestral de Estudos Internacionais do IGADI, Tempo Exterior.



Xosé Carlos Morell

Empresario e experto en mediación internacional. Presidente Associação Impulsora Casa da Lusofonía. Investigador asociado do IGADI (Observatorio Galego da Lusofonía).

**Miguel Angel Martínez Pellitero**

Especialista en Economía Internacional e Desenvolvemento. Investigador asociado do IGADI

**Elsa Quintás**

Vicepresidenta da Mesa pola Normalización Lingüística e Directora do Observatorio de Dereitos Lingüísticos. Representou á Mesa en diferentes actos internacionais e nas Asembleas xerais de ELEN.

**Miguel Penas**

Consello da AGAL

**Encarna Otero**

Historiadora e Feminista. Participou na Comisión de igualdade do Consello da cultura galega do 2004-2017, actualmente no grupo de traballo do Consello da Cultura Galega “Imaxes e voces”.

**1.2. 30 Anos do IGADI**

En 1991, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.gal), naceu como un proxecto independente de partidos ou empresas, co propósito de construír un *think tank* para as relacións internacionais capaz de proxectar a Galicia na sociedade global. Entre os fitos desde a súa fundación, cómpre destacar que:

- » O IGADI publica cunha periodicidade semestral a súa revista académica de relacións internacionais e estudos globais, *Tempo Exterior*, cun consello de redacción e consello científico ligado á universidade galega e internacional.
- » O IGADI publica regularmente informes anuais, como o *IGADI Annual Report*, de relacións internacionais e xeopolítica global, e

- o seu anuario sobre a acción exterior de Galicia, *Nós No Mundo*.
- » O IGADI converteuse nos seus trinta anos de actividade nunha escola e canteira de análises en xeopolítica e estudos globais de referencia, situándose entre os primeiros think tanks do estado español, segundo o ranking que elabora cada exercicio a Universidade de Pennsylvania.
 - » O IGADI elaborou o primeiro Libro branco da acción exterior de Galicia no ano 2004, durante a presidencia de Manuel Fraga.
 - » O IGADI é unha entidade de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos chineses, impulsor do Observatorio de la Política China. Xulio Ríos, fundador e presidente de honra da entidade, gañou o premio Cátedra China en 2018 e o premio Casa Asia en 2020.
 - » O IGADI deseñou e puxo en marcha en 2009 o proxecto *OGALUS* (Observatorio Galego da Lusofonía) que, atendendo ás realidades, historia, sinerxías e intereses do país, atende de xeito permanente ao espazo internacional da lusofonía.
 - » IGADI forma parte, na súa calidade de entidade experta, do Consello galego de acción exterior da Xunta de Galicia desde a súa constitución en 2010.
 - » No marco da Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, en funcionamento desde o 1 de marzo de 2018, cítase expresamente ao IGADI como actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China. Na EGAEX, no seu balance histórico, tamén se recoñece a participación do IGADI nos principais consensos arredor da traxectoria da acción exterior de Galicia.
 - » O IGADI elaborou durante o mandato municipal 2015-2019 os estudos para as Bases de acción exterior dos concellos de Santiago de

Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. O 21 de marzo de 2019 o pleno do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos, a declaración institucional “A Coruña no mundo global do século XXI” en apoio ao devandito documento.

- » O IGADI executou o proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de outubro de 2020, froito da convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia “O teu Xacobeo”. A iniciativa representou de facto un fito na historia das relacións entre Galicia, España e China.
- » O IGADI realizou, o 17 de decembro de 2020, un encontro global online con investigadores de até 17 países para reflexionar e abordar o estado do mundo trala pandemia da Covid-19, e todo co ánimo de impulsar unha maior cooperación internacional e tradución cultural fronte aos riscos globais no marco do impulso do ideario fundacional das Nacións Unidas, principio estatutario da asociación.

O IGADI é unha plataforma privilexiada por investigadores de todo o mundo, pola súa difusión e impacto, para vehicular análises e opinións sobre a actualidade internacional, arredor daquelas cuestións que determinan o devir e perspectivas en Galicia e no mundo. A través do seu portal (www.igadi.gal), de medios de comunicación e centros de investigación asociados ao longo do planeta, o IGADI auspicia cada ano a publicación de centos de artigos.

Durante o 2020 o IGADI renovou a súa xunta directiva, consolidando o relevo xeracional da entidade, cun espírito baseado no mantemento dos principios fundacionais e co ánimo de consolidar o proxecto sólido a medio e longo prazo.

O 10 de setembro do 2021 o IGADI cumprirá 30 anos.

Nava Castro

2. Xacobeo 2021-2022: Oportunidade, reto, responsabilidade e ilusión

Cando abrimos a Porta Santa para dar comezo á celebración do Ano Santo sabiamos que este era un Xacobeo diferente. Dalgún xeito todo os Anos Santos o son pero sen dúbida o deste ano está chamado a ser unha celebración única, tanto polas circunstancias sanitarias nas que se está a desenvolver, como porque é un Ano Santo bianual, o primeiro que se celebrará durante dous anos na nosa historia recente. Unha concesión do Papa Francisco que amosou a súa sensibilidade fronte á imposibilidade de que moitos peregrinos poidan desprazarse ata a tumba do Apóstolo por mor das restricións sanitarias e de mobilidade.

Esta excepcional circunstancia, unida ao feito de que afrontamos o primeiro Ano Santo en once anos e tamén o primeiro do Decenio Xacobeo, converten a celebración deste Xacobeo nun fito apaixonante e cheo de esperanza. Unha celebración coa que abrimos as portas de Galicia ao mundo desde o fondo convencemento de estar diante dunha gran oportunidade e tamén dun gran reto que, coa chegada da pandemia, tinguiuse dunha fonda responsabilidade que fixo preciso repensar toda a celebración.

Un reto para o que traballamos desde unha óptica participativa e de cooperación co obxectivo de avanzar nunha programación dinámica que se adapte ás condicións de seguridade sanitarias obrigadas pola situación de pandemia en cada momento. Xurde así a necesidade de crear un Xacobeo vivo e adaptable, que responda á evolución das circunstancias sanitarias, ás necesidades do peregrino do s XXI e aos obxectivos vertebradores

de calidade, descentralización e sustentabilidade así como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.

Desde esta reflexión abordamos unha reformulación do Xacobeo 2021 e traballamos nun Xacobeo que sitúa ás persoas no centro mesmo da experiencia, facendo fincapé na dimensión persoal da peregrinación e na importancia de cada individuo como símbolo dun humanismo e duns valores en alza que están na base mesma da nosa civilización europea á que tanto ten aportado o Camiño de Santiago ao longo dos séculos. Un Xacobeo integrador, inclusivo e participativo no que prima o talento local. Pero, sobre todo, apostamos por construír un Xacobeo e un Camiño Seguro no marco dunha Galicia comprometida coa seguridade sanitaria para visitantes e camiñantes.

Sabemos que é tempo de reinventarnos, adaptarnos e medrar como un destino moderno, seguro, innovador e sostible. Diante de nós atópase a gran oportunidade de facelo logralo da man da celebración deste Ano Santo. Por iso debemos facelo sen perder de vista os valores que fan eterno ao Camiño de Santiago, referencia universal de concordia, convivencia, esforzo e solidariedade que neste horizonte 2021-2022 temos que converter en sinónimo da marca Galicia.

En circunstancias normais o Camiño de Santiago estaría agora recibindo milleiros de peregrinos, como acontece en cada Ano Santo, co positivo antecedente precedente, ademais, de que precisamente o 2019 foi ano récord na chegada de camiñantes. A pandemia obríganos a manter as nosas fronteiras físicas pechadas. Precisamente por iso traballamos nun Xacobeo que se difunda empregando as novas tecnoloxías. Este xiro cara á dixitalización xa presidiu, de feito, o propio acto de apertura da Porta Santa, a través da retransmisión en streaming que fixemos en dúcias de países de todo o mundo grazas, entre outros, á colabora-

ción do tecido asociativo co que conta o Camiño de Santiago. Esta forza internacional segue sendo fundamental para impulsar o fenómeno do Camiño e nin sequera a pandemia poderá frear o seu impacto.

Pero mentres chega o momento de facer un chamamento internacional para retomar o Camiño cara a Santiago de Compostela, habemos de traballar en formatos reducidos, empregar espazos exteriores, aforamentos reducidos pero en maior número e espallados por todo o territorio galego, o que nos permitirá ofrecer un Xacobeo máis diversificado e máis achegado ao conxunto da sociedade galega.

Trasladamos así os grandes eventos no horizonte dunha favorable evolución da situación sanitaria e seguimos unha constante revisión e actualización da programación ao tempo que avanzamos nas infraestruturas e nos servizos ao peregrino, acometendo actuacións para o reforzo

da seguridade sanitaria dos visitantes e mellorando cuestións relativas a infraestruturas, accesos, sinalización e acollida co obxectivo de ofrecer a mellor versión de Galicia.

A Xunta de Galicia investirá, neste primeiro ano do Xacobeo bianual, 85,6 millóns de euros que se destinarán a ámbitos como a programación de actividades, a seguridade, a promoción ou a mellora das infraestruturas e paisaxes do Camiño de Santiago. Despois do vivido no 2020, o Xacobeo 2021-2022 é a nosa chave para conectar con milleiros de persoas a escala mundial, o noso mellor resorte para impulsar a necesaria recuperación socioeconómica de Galicia. Debúxase diante de nós o tempo de Camiñar a Galicia, de iniciar unha andaina que nos permita recuperar azos e ilusións e nos axude a unha rápida recuperación tanto espiritual como económica. Con este horizonte e con estes obxectivos, traballamos para celebrar o mellor dos Xacobeos posibles.

Serafín Pazos Vidal

3. As consecuencias do Brexit para Galicia

O 31 de decembro rematou o período de transición que finalizou a xurisdición da lexislación da UE no Reino Unido e o acceso ao Mercado Único da UE. O Acordo de Cooperación e Comercio (TCA) UE-Reino Unido acordado a véspera de nadal e ratificado polo Parlamento do Reino Unido o 30 de decembro mediante a Lei da Futura Relación coa UE, só cobre os aspectos máis urxentes. Moitos asuntos como as novas regras sobre axudas estatais ou as condicións de xogo están aínda en desenrolo. O TCA ten un alcance máis amplo cá maioría de acordos comerciais. Contén disposicións detalladas sobre traballadores, mobilidade, condicións de paridade en normas ambientais e sociais, facilidade para a prestación de certos servizos, a participación nalgúns programas da UE, así como cuestións sensibles como a pesca.

O novo tratado Reino Unido-UE tamén prevé unha futura cooperación policial e xudicial (pero non o acceso directo ás bases de datos da UE e revértese da Orde de Arresto Europea á antiga extradición), ciberseguridade, seguridade sanitaria, e a cooperación Covid-19. É o primeiro acordo de cero aranceis e cotas da UE, e o maior acordo comercial bilateral do mundo. Non obstante, as empresas deben demostrar que os seus produtos cumpren todos os requisitos necesarios de “reglas de orixe”. Os procedementos aduaneiros simplificaranse porque o Reino Unido e a UE recoñecen os seus respectivos rexistros de exportadores preferentes.

Os cidadáns xa non terán a liberdade de traballar, estudar, iniciar un negocio ou vivir na UE ou no Reino Unido. Precisarán visados para estadias longas, mais serán posibles estancias a curto prazo

(90 días nun período de 180 días) e a tarxeta sanitaria europea mantense. O TCA tamén é bastante único en que inclúe pensións de vellez e viudedade, prestacións previas á xubilación, prestacións por maternidade e paternidade relacionadas co nacemento dun fillo ou accidentes de traballo, estendendo aos novos emigrantes a maioría dos dereitos que o Acordo de retirada outorgou a aqueles que residan no Reino Unido ou na UE antes de que rematas o período de transición. O recoñecemento mutuo de títulos profesionais xa non é automático, mais finalmente existe un sistema para acadar a acreditación profesión a profesión. Sen embargo, do mesmo xeito que ocorre coas visitas de negocios a curto prazo, aplicaranse unha serie de excepcións nacionais suxeitas á burocracia e corporativismo de cada Estado membro.

A pesar de que non se cobran aranceis nin cotas, os controis aduaneiros aplicaranse a todas as exportacións. Os envíos agroalimentarios terán que ter certificados fitosanitarios e someterse a controis nos postos de inspección fronteiriza dos Estados membros. Este é un asunto que se fixo máis evidente para os pequenos exportadores e sectores específicos como as exportacións de peixe que, efectivamente, non poden ou teñen dificultades para enviar á UE o marisco fresco e o peixe desembarcado no Reino Unido, maioritariamente para ser exportado. Se non houbo interrupcións en toda o Canal da Mancha débese á extrema diminución do tráfico ordinario de transbordadores e trens (o túnel Eurostar caeu un 90%) e o feito de que ata xuño o Reino Unido non introducirá controis aduaneiros completos, o que a UE fai xa.

No eido dos intercambios económicos, o *Brexit* impacta máis nos territorios veciños a Grande Bretaña (Irlanda do Norte queda nun inestable condominio xurídico cun pé en ambos mercados, como xa vimos coas vacinas do COVID). Os estu-

dos de Chen, Comité das Rexións e outros (2018) indican que só o 1% do PIB galego estaría exposto ao *Brexit*, comparado cun 10% no Benelux e un 30% de Irlanda. Pero iso varía por sector. No caso da pesca, as frota da UE27 teñen que ceder o 25% de cotas de pesca, mais segundo os datos do Ministerio, a maioría de especies pescadas polos 70 barcos galegos non se verán afectadas. Se ben o Reino Unido pode querer renegociar no 2025, ten incentivos para non facelo. Outra cousa é a posible presión dos países do Benelux para coller cota galega en augas británicas, sen falar dos problemas das empresas mixtas para exportar á UE.

Se ben se poderá comerciar co Reino Unido do mesmo xeito que se fai con Estados Unidos, a burocracia e taxas do novo efecto fronteira desanimará a moitas PEMEs a facelo. Mais o principal cambio será humano. Como ben retratou Xesús Fraga en “A-Z” (Xerais, 2003), o Reino Unido ten sido un imán para moitos mozos galegos, e máis aínda logo da crise de 2008, como o amosa a actividade da diáspora detrás do *Galician Film Forum*, *GalegoEnLondres*, *LondonCeltas* ou *Té con Gotas*. O Goberno británico cancelou o programa Erasmus e os novos emigrantes serán avaliados polos mesmos puntos, incluído dominio do idioma, ca norteamericanos, quenianos ou singapureses.

Sen a saída doada de Reino Unido, veremos onde emigran os mozos coa nova crise post-Covid, ou se, revertendo o adagio de Castelao, protestan en vez de emigrar.

O *Brexit* pode ser tamén un espellismo para parte do noso arco político: porque se amosa a reversibilidade da integración europea, segundo algúns ruína do pobo galego, e porque tamén pode estimular o independentismo, nomeadamente escocés, que vai a eleccións este maio. Sen embargo, o *Brexit* amosou o doloroso que é escapar do pulo regulatorio da UE -o chamado “Efecto Bruxelas”-, e os obxectivos independentistas poden ser máis difícil de conseguirse xa fóra a UE, cun 30% de *Brexiters* nas súas filas -e sen apetito para adoptar o euro nin pagar ás arcas da UE- e co Primeiro Ministro máis unionista en décadas. Os críticos coa Lei de Mercado Único din que quere precisamente usar a saída da UE para recentralizar competencias en Westminster, adubado, iso si, co diñeiro que reempraza aos fondos UE, pero para o que hai que pasar pola cancela de Londres, e non a de Edimburgo coma ata agora. 30 anos de proxectos conxuntos INTERREG e Arco Atlántico, e 20 de *Devolution*, non achegaron case en nada Galicia a Escocia. Estaremos máis lonxe, mais nunca estivemos excesivamente preto.

Tamara Espiñeira

4. A paradiplomacia local galega nos tempos do Brexit: pistas a explorar para unha nova relación coas cidades do Reino Unido

Dende finais do século pasado resulta evidente que as cidades están a ganar terreo no eido internacional. Os problemas globais como o cambio climático ou nestes últimos meses a crise da COVID amosan a pertinencia do enfoque local e o protagonismo dos concellos nas solucións globais, sen esquecer o rol dos alcaldes (na maioría, de grandes cidades) nas discusións internacionais. Igualmente, as políticas locais se internacionalizan cada vez mais.

E non o fan soas. As cidades contan con o apoio de organizacións intergubernamentais como a OCDE, UNHABITAT e a Comisión Europea mais tamén de fundacións privadas internacionais, como a Fundación Rockefeller ou IBM.

Porén, as cidades inventaron as relacións internacionais, xa na época da república de Venecia. En consecuencia, non sempre precisan de intermediarios para exportar as súas ideas ou para colaborar entre elas. Non se pode esquecer que os irmandamentos, xa nos anos 50, foran os primeiros síntomas desta “revolución das cidades” onde os alcaldes de países inimigos e de bloques enfrontados asinaban entre eles acordos de paz e conciliación.

En 2016, a xeógrafa Emmanuelle Boulineau⁽¹⁾ definía os irmandamentos como “*Accións de cooperación territorial cunha estrutura flexible e sen*

obriga de contribución nin de resultado”. Esta definición ofrece unha nova perspectiva territorial e de desenvolvemento local para os acordos entre cidades. Pola súa banda, o Consello de Europa, na súa publicación “City to city cooperation. Toolkit”⁽²⁾ fala de ir mais aló dos irmandamentos tradicionais e optar por estratexias específicas, no que se coñece como Cooperación de Cidade a Cidade, coa abreviatura C2C.

As principais características de esta *joint venture* urbana están resumidas na paxina 15 do volume citado : “*Comprometerse en relacións internacionais no obxectivo de se representar a si mesmas e os seus intereses coa finalidade de comezar e desenvolver accións de cooperación no seu interese mutuo. Esta definición da C2C permite identificar un cadro operacional no que a C2C pode xurdir, desenvolverse e ser avaliada nunha perspectiva orientada aos obxectivos*”.

Esta proposta do Consello de Europa implica un paso adiante nas relacións bilaterais entre cidades. No eido do irmandamento prodúcese un re-equilibrio de intereses onde a dimensión simbólica (por exemplo, a pacificación de Europa nos anos 50) se ve reforzada por un obxectivo (case un mandato) de desenvolvemento local común que cobra mais peso.

Hoxe, co gallo do Brexit, podemos observar un novo contexto simbólico, unha nova “separación” entre territorios europeos. Ao mesmo tempo, a dimensión económica e social do Brexit xunto coa crise de 2020 propicia as condicións mencionadas polo Consello de Europa para unha colaboración estratéxica entre autoridades locais.

Así, as autoridades locais galegas teñen unha oportunidade única de establecer este tipo de lazos coas cidades do Reino Unido. Pode semellar un paradoxo, mais en realidade o divorcio euro-

(1) <http://journals.openedition.org/rge/5814>

(2) <https://rm.coe.int/c2c-city-to-city-cooperation/1680747067>

peo deixa aberta a posibilidade de novas estruturas de cooperación ao nivel sub-nacional. Na reunión inaugural do Global Parliament of Mayors, na Haia en setembro de 2016, o alcalde de Bristol, Marvin Rees, lembraba que no seu concello a maioría votara no referendo para ficar na UE e que ese desexo debería ser respectado, dunha maneira ou doutra.

En cuanto as temáticas de cooperación, o principio será sempre de partir dunha identidade ou de intereses compartidos para que a C2C sexa proveitosa para ambas localidades. Neste senso, poderíase comezar cun paralelo coa gramática galega e examinar as posibilidades que ofrecen *o traxe, o garaxe e o personaxe*.

Entenderíamos *traxe* ao senso propio (a industria da moda) mais tamén no senso figurado (a tradición). No primeiro caso, non se pode esquecer a importancia do téxtil, que durante case tres séculos foi a chave do comercio internacional e do desenvolvemento urbano ; postos que perduran ate hoxe en día. Igualmente, as tradicións celtas poden resultar unha porta de entrada a cooperación culturais coa Escocia, Gales ou a Irlanda do Norte, sempre que teñan ben enfocada a dimensión económica e social. Resulta evidente que é mesmo posible conxugar as dúas, o téxtil e a tradición.

Nesta mesma serie, no que toca ao *garaxe*, quizais sexa posible establecer lazos entre concellos onde estea instalada a industria do automó-

bil; ou mesmo a industria naval. Tamén se poden identificar alianzas entre as cidades con aeroporto ou mesmo entre concellos onde a historia do tren é fundamental na idiosincrasia local.

Finalmente, a nosa idea de personaxe pode declinarse en dúas grandes opcións : o personaxe histórico, e as persoas-chave. Neste ultimo caso podemos resaltar o rol da Alcaldía como tecedora de alianzas políticas. Non obstante, é indispensable tirar partido dos nosos embaixadores naturais : os estudantes e traballadores que hoxe están, pese ao Brexit, desenvolvendo a súa actividade no Reino Unido. A inversa tamén é certa : o intercambio coa poboación británicas nas nosas cidades pode ser un primeiro paso para as alianzas de entidades locais. Do punto de vista histórico, as diferentes guerras e invasións europeas poden ser un primeiro punto común. No entanto, quizabes sexa o momento de sentarse à mesa e dilucidar dunha vez por todas quen inventou o fútbolin.

Evidentemente, este recordatorio gramático do *traxe, o garaxe e o personaxe* é so unha suxestión das pautas a seguir polas cidades, cada concello pode identificar a súa propia liña internacional. Volvendo a definición que mencionabamos ao principio, non se pode esquecer que a C2C é un compromiso. Un compromiso coa cidade contraparte mais tamén co desenvolvemento local propio. Esa é a única condición fundamental.

Let's go!

Diego Sande Veiga

5. As implicacións do Brexit no Sistema Educativo en Galiza

Tras máis de corenta anos na Unión Europea (UE), o 31 de decembro de 2020 o RU deixou de pertencer ao proxecto de construción común. Este feito producirá consecuencias a diferentes niveis sobre as que se teñen escrito ríos de tinta: económicas en primeiro lugar, pero tamén xurídicas, de política exterior, de seguridade e defensa, de circulación dos cidadáns, de cooperación, etc. Mais o obxecto do presente artigo é poñer o foco nun aspecto ao que, quizais polo efecto eclipse xerado nos noticiarios pola pandemia, non se prestou a atención que merece: as consecuencias do Brexit para o sistema educativo galego.

O sistema educativo, como axente impulsor da sociedade, precisa do diálogo e interacción cos restantes axentes da sociedade. Pero as características das relacións que se producen cos axentes da contorna son diferentes en función dos tipos de ensino e niveis de formación que abrangue o sistema educativo en Galiza, que actualmente van desde a Educación infantil (EI) e a Educación primaria (EP), ata a Educación secundaria obrigatoria (ESO), a Educación de persoas adultas, o Bacharelato, a Formación profesional (FP), as Ensinanzas de Réxime Especial (ERE), e chegan ata o Ensino Universitario. Coas relacións asimétricas existentes, un fenómeno como o do Brexit producirá consecuencias diferentes para os distintos niveis de ensino. Para tratar de discernir os principais efectos do Brexit no sistema educativo, centraremos a atención no ensino primario, no secundario e no universitario, por ser os maioritarios en alumnado e persoal. Desde o punto de vista do sector edu-

cativo cómpre enfrontar catro fontes inmediatas de incertezas para estas etapas (Sande, 2020): 1) O financiamento do ensino; 2) O programa Erasmus+; 3) O acceso ao sistema educativo e a homologación de estudos; 4) O exercicio da profesión docente;

O problema do financiamento no ensino

Desde o punto de vista da xestión educativa, a principal ameaza do Brexit proviría de posibles problemas de financiamento en caso de redución dos Fondos Europeos. Porque o certo é que, se ben xa é coñecido que o orzamento da UE alcanzará os 1,105 billóns de euros para o período 2021-2027 (frente a 1,03 en 2014-2020), a saída británica supón un novo statu quo no referido ás contribucións dos Estados Membros (EEMM) para o actual septenio, sen esquecer o encarecemento progresivo dos servizos educativos.

Mediante os Fondos Estruturais (FFEE), especialmente con recursos FEDER e FSE, apóianse nas distintas etapas educativas programas e actuacións como a construción e mellora de centros educativos e de infraestruturas de apoio, fináncianse proxectos de investigación, promóvese a innovación educativa -mediante o Fondo Europeo para Investimentos Estratéxicos (FEIE)-, a adquisición de material, ou a formación dos recursos humanos. Ademais, os FFEE financiaron programas formativos que permitiron o achegamento de especialistas de todas as áreas do coñecemento aos centros educativos, promoveron programas de apoio para favorecer a asimilación dos currículos (os contratos programa ou o PMAR) e aproximaron ás aulas coñecemento non incluído directamente nos currículos. Ademais, a través do FSE tamén se veu apoiando a dotación de persoal no reforzo de diferentes áreas nas que se foron detectando necesidades, como idiomas, colectivos con necesidades educativas especiais, etc.

A mobilidade Erasmus+

O Acordo de Retirada co RU inclúe tamén o programa Erasmus+. En relación ás mobilidades financiadas, os EEMM podían participar das subvencións planificadas ata o peche dos programas, aínda que esta finalización se producise con posterioridade a 2020 (Comisión Europea, 2020). Para isto é preciso ter en conta que existen accións do programa que contan cunha duración de ata 36 meses.

Cómpre lembrar que, de forma xeral, beneficiábanse dos programas de mobilidade tanto o alumnado como o profesorado das distintas etapas educativas. No referido exclusivamente á mobilidade universitaria, débese sinalar que deste programa non só se beneficiaron estudantes de grao e docentes, senón que estudantes doutras etapas (predoutorais, etc.) e PAS puideron acollerse a diferentes liñas de axuda. Na actualidade, no RU cursan estudos universitarios arredor de 9.000 estudantes españois, parte deles galegos. Para estes, unha vez se produza o Brexit, as taxas que terán que abonar polos seus estudos serán as correspondentes a estudantes internacionais, de prezo máis elevado, o que podería producir unha diminución no número de estudantes universitarios matriculados no RU.

Acceso ao sistema educativo e homologación de títulos

De acordo co sinalado pola Presidencia do Goberno (2020), para o ensino primario e secundario obrigatorio o Acordo de Retirada motivado polo Brexit prevé que a interacción co RU continúe a producirse nos mesmos termos nos que se viña producindo ao longo do período de programación 2014-2020. O mantemento de condicións permite que o alumnado que desexe integrarse en calquera dos cursos de EP ou de ESO non precise validar os seus estudos. No que atinxe á homologación de

títulos universitarios, o Brexit non supón a saída do RU do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), polo que os títulos británicos poderán ser homologados ata o final de 2020 mediante o procedemento que se aplica a Terceiros EEMM da UE. Por outra banda, os estudantes que cursen no RU e desexen mudar a súa matrícula para Galiza, poderán validar os estudos cursados ata o momento na Universidade receptora.

Sen embargo, os alumnos que procedan de calquera sistema educativo estranxeiro e desexen incorporarse a 1º ou 2º de Bacharelato no sistema educativo galego deberán solicitar a homologación ao título de Graduado/a en ESO ou a validación ao primeiro curso de Bacharelato. En relación aos estudos de Formación Profesional, os alumnos británicos que non obtivesen o título final correspondente, poderán solicitar a validación (equivalencia parcial) dos seus estudos por algúns módulos profesionais do Ciclo Formativo máis afín aos estudos cursados.

Exercer función docente no Reino Unido

Para exercer como mestre de primaria ou profesor de secundaria no RU é necesario acreditarse como docente mediante a obtención do QTS (Qualified Teacher Status), que se tramita a través das axencias reguladoras da profesión docente. Ata o de agora este procedemento levábase a cabo atendendo ao disposto na Directiva 2005/36/CE, polo que as acreditacións docentes que comezaron a tramitarse antes do 31 de decembro de 2020 seguirán baixo ese marco normativo. Pero a partir do 1 de xaneiro de 2021, o procedemento axustarase ao que estableza a normativa británica sobre visados e inmigración. Respecto aos docentes que xa estivesen a traballar no RU, terían ata o 30 de xuño de 2021 para poder solicitar o rexistro de cidadáns da UE (EU Settlement Scheme) e así continuar cos dereitos de

residencia e traballo no RU. Este requisito será tamén aplicable para os investigadores, un colectivo tamén numeroso, xa que de acordo co publicado pola Sociedad de Científicos Españoles en Reino Unido (SRUK/CERU), uns 5.000 investigadores españois (parte deles tamén galegos) desenvolven a súa carreira en universidades e empresas do Reino Unido (SRUK/CERU, 2017).

En calquera caso, dado que nos atopamos ante unha nova realidade complexa, será preciso permanecer atentos ás posibles decisións políticas que poidan chegar en datas vindeiras para tratar de avaliar os efectos das mesmas.

Bibliografía

Comisión Europea. (2020). Erasmus + [en liña]. Recuperado de <https://ec.europa.eu/> [ref. de 4 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/about/Brexit_es

Parlamento e Consello Europeo. (2005). Directiva 2005/36/CE del Parlamento Europeo y del Consejo de 7 de septiembre de 2005 relativa al

reconocimiento de cualificaciones profesionales [en liña]. Obtido de DOUE 255/22 [ref. de 30 de setembro de 2005]. Dispoñible en: <https://www.boe.es/doue/2005/255/L00022-00142.pdf>

Presidencia do Goberno. (2020). Brexit: Como Prepararse. Educación y Universidades [en liña]. Recuperado de <https://www.lamoncloa.gob.es/> [ref. de 4 de abril de 2020]. Dispoñible en: https://www.lamoncloa.gob.es/Brexit/preparacion2/Paginas/271218_educacion.aspx

Sande, D. (2020). Política Exterior e negociación internacional para o Brexit: Ameazas e aspectos clave para o sistema educativo e a Formación Profesional en Galiza. Revista de Análise e Estudos Internacionais Tempo Exterior, nº40, 87-106

SRUK/CERU. (2017). Los científicos españoles en Reino Unido confían en un Brexit lo más blando posible. Recuperado el 19 de 11 de 2017, de <https://sruk.org.uk>: <https://sruk.org.uk/es/los-cientificos-espanoles-en-reino-unido-confian-en-un-brexit-lo-mas-blando-posible/>

Xosé Carlos Morell

6. Afinal encontramos-nos na União Europeia

Um início de uma década marcada pelo Brexit, a pandemia e a saída delirante de Trump revelaram forças em ação na história. Na era pós-verdade, a consciência (nos seus dous sentidos: integridade e inteligência) parecia ser o último bastião da liberdade, mas a desgraça da pandemia veio também proporcionar à humanidade, e portanto a nós que constituímos a sociedade civil galega, a necessidade de cooperação, de novos modelos e ideias não apenas de resiliência, mas também de desenvolvimento sustentável, que modestamente gostaria de compartilhar.

O que todos queremos é um futuro mais claro para aqueles que herdem o patrimônio material e espiritual desta terra, e que o nosso legado em termos de direitos civis, desenvolvimento e sustentabilidade nos torne dignos do respeito das gerações futuras. A pandemia, que esperemos esteja em fase final, tem evidenciado a necessidade de abrir espaços de cooperação - digamos diretamente de fraternidade - para não só fazer prosperar, mas também proteger a frágil e contingente vida humana. A lição foi muito clara: para a criação e conservação da riqueza, a centralidade corresponde à pessoa.

Esta foi a perspectiva dos pais fundadores da União Europeia, e o esquecimento deu lugar a um neoliberalismo destrutivo, seguido de ideologias nostálgicas, que, mascaradas por uma suposta defesa dos interesses nacionais, assentam no egoísmo e na perda do senso social, e usam o mecanismo político para exacerbar e polarizar. Nos EEUU e no Reino Unido estas perspectivas isolacionistas insensatas e míopes de semear medo e descon-

fiança perante ameaças externas e a visão dos outros como concorrentes ou inimigos vigoraram nas ideologias liberais e conservadoras, levando respectivamente estes dous países à fractura social e à retomada da agenda secessionista.

Com efeito, a união real e duradoura é possível só a partir de uma ética global de solidariedade e cooperação. Talvez sem o esperar, nestes últimos meses Galiza e Portugal convergimos e avançámos uma imensa distância no sonho europeu de ultrapassar divisões e de reconhecer raízes comuns para trabalharmos juntos. Conseguimos entender que a forma autêntica de preservar a própria identidade e desenvolver o próprio tecido económico não é através do isolamento empobrecedor.

Portugal oferece a empreendedores e empresários não só baixos custos, mas nomeadamente burocracia zero e auxílios fiscais. No entanto, a administração autónoma galega afoga as empresas na fiscalidade que da Comunidade Autonomia depende. Na Galiza, a burocracia e red-tape chegou ao extremo de risco político. Foi isso, e não a cobiça nem a usura laboral, o que levou muitas empresas galegas a Portugal. E até agora, a reacção da Xunta, do Presidente Feijoo e da opinião publicada, especialmente em Vigo, tinha sido considerar as vantagens de Portugal como concorrência desleal ou dumping, sem por certo, prestar nem a metade de importância ao que sim exerce a Comunidade de Madrid, isso sim sob bandeira espanhola. Felizmente, as últimas declarações do Presidente parecem ir em sentido contrário, e é possível pensar que a realidade finalmente prevaleceu frente a preconceitos e sectarismo.

Da sua parte, Portugal viu bem que o seu desenvolvimento não se baseia exclusivamente na capital, mas sim no eixo vertical que continua na Galiza. O programa de investimentos para 2030 (PNI 2030) apresentado em passado Outubro polo

Governo Português dá prioridade ao eixo Lisboa-Vigo em vez da ligação ferroviária entre as duas capitais ibéricas. Tanto o nosso tecido económico como o português são compostos basicamente por pequenas e médias empresas. No conjunto da União, são estas empresas, embora não cotadas em bolsa, que mais contribuem para o PIB. É por isso que uma estratégia compartilhada para a comercialização de produtos e serviços das PME de Galiza e Portugal, e para a entrada ordenada de investimentos, cria sinergias e benefícios.

Para além disso, são as PME que a administração galega trata sem respeito nenhum as que devem sustentar os projectos europeus. As grandes corporações têm os seus próprios instrumentos de financiamento e desenvolvimento, e nem precisam nem reclamam infraestruturas. Como assinalou o Professor Gonzalo Caballero, a respeito da alta velocidade por ferrocarril, “os grandes grupos empresariais não basearam as suas acções logísticas no transporte ferroviário mas antes no transporte marítimo ou rodoviário”. O facto de a Xunta fazer destas grandes empresas as destinatárias das ajudas europeias é o mais contrário que se pode imaginar á política de cooperação transnacional e da União Europeia, que por princípios fundacionais deve combater os oligopólios e acumulações de poder. Aguardar que sejam estes empresários os que puxem pela alta velocidade, e procurar o seu favor e conformidade para articular políticas de fomento de infraestruturas e de internacionalização não faz sentido.

E é que internacionalizar-se não é vender produtos com avidez, mas tornar as empresas e

produtos negociáveis nos mercados internacionais. Uma euro-região competitiva e bem articulada poderia oferecer bases às mercadorias europeias na autoestrada do mar que vai do norte da Europa (Rotterdam - Londres) a Ásia e América, como se mostrou nas Jornadas Caminho de Santiago - Rota da Seda, organizadas pelo Igadi no passado 15 de Outubro. Mais ainda, o eixo atlântico chegaria a Algeciras, que seria um nodo de entrada da África de mercadorias a derivar no Mediterrâneo ou no Atlântico de jeito complementar. A euro-região é de interesse não só para as comunidades do Atlântico, também para Andaluzia, Estremadura e mesmo as comunidades do Mediterrâneo. Não tanto para um Madrid ideologicamente expansionista e radial, como assinalara Jordi Xuclá Costa.

Naquelas Jornadas que relacionaram o Caminho de Santiago e a Rota da Seda, a Doutora Rita Santos, Secretária Geral do Forum de Cooperação de Países de Língua Portuguesa, assinalou o facto de que Macau, que tem o português como língua oficial, e que após o Brexit, é já o único território da China na que vigoram as leis da UE, tem vontade de ser canle de investimentos deste país em Portugal e nos outros países europeus. Galiza é mais que a linha da AP9. É clave de bóveda das duas grandes culturas ibéricas, como assinala Bernardino Crego Cervantes. É berço da língua portuguesa e também parte dela, e parte de uma euro-região que engloba mais de seis milhões de pessoas. Como tal está chamada a sediar um trabalho de facilitação de contactos e relações dentro da lusofonia e em todo o mundo.

Miguel Ángel M. Pellitero

7. I Informe de cumprimento da Axenda 2030 en Galicia

A Xunta de Galicia ven de reivindicar, fai apenas unhas semanas, o seu máximo compromiso coa axenda global para o desenvolvemento sostible, a Axenda 2030 e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Aliñar o noso proxecto de país cos principios que esta desprende é chave de cara á construción dun proxecto que aspire a mellorar as condicións materiais de todos os galegos e galegas sen degradar o entorno natural que nos rodea.

Co grande impulso a cargo da Vicepresidencia Segunda do Goberno de España no referente ao cumprimento da Axenda 2030, o executivo galego semella ter quedado uns pasos por detrás do seu homólogo no Estado, polo menos, no que se refire a compromisos públicos, transparencia no progreso por acadar as 169 metas da estratexia e vontade política para que os ODS establezan o marco sobre o que construír as políticas de desenvolvemento –social, medioambiental e económico- nos próximos anos.

Os anos 2018 e 2019 marcaron o inicio do aliñamento da Xunta de Galicia coa mencionada estratexia. No 2018 aprobouse a creación dunha ‘Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia’, que integra a máis de 30 representantes de todos os departamentos da Xunta, e que ten o encargo de levar o control do seu progreso; adscrita á consellería titular das competencias en materia de sustentabilidade ambiental –actualmente presidida pola Conselleira de Medioambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez- é o órgano encargado do seu seguimento e cumprimento en Galicia.

A aparición desta comisión foi o primeiro gran paso dende a publicación do informe “La implantación de la Agenda 2030 de Desarrollo Sostenible en La Xunta de Galicia: Principales implicaciones y propuestas” do ano 2018, elaborado por un grupo de investigación da Universidade Complutense de Madrid dirixido polo distinguido profesor José Antonio Alonso, que buscaba identificar as posibilidades de adaptación da Axenda e os ODS á capacidade de actuación da Xunta de Galicia e as implicacións que tería este proceso.

Esta comisión presentou, o pasado mes de novembro de 2020 o seu primeiro informe de diagnose sobre a aplicación na comunidade dos ODS, o cal ofreceu bastantes conclusións interesantes que poidan servir como punto de partida de cara a construción dunha Estratexia de Desenvolvemento Sustentable para Galicia na próxima década; subliñando os eixos clave sobre os que se debe facer fincapé. Vexamos algúns deles:

A nivel ambiental o informe destaca un incremento do 50% nas augas residuais depuradas das de Galicia (por habitante e día). No campo das enerxías renovables o informe indica un progreso notable, mais vincula o seu desenvolvemento nos próximos anos á posta en marcha e execución da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, aprobada tamén a finais do ano pasado e que debe impulsar a Galicia como referente nacional e internacional neste campo. Pero aínda observamos grandes retos e oportunidades que deberán ser atinxidas nos próximos anos, como o coidado do noso entorno mariño e o uso responsable das nosas costas enmarcado no ODS 14 – vida submarina.

En relación do turismo e tras o tremendo freo que supuxo –e supón- a actual pandemia da Covid-19 para este sector, destácase unha análise feita pola comisión que busca impulsar a preservación do patrimonio natural e cultural ga-

legos, á vez que potencia o emprego e a economía; apostando por un turismo mais responsable e sostible que favoreza novas formas de explotar o inmenso potencial da nosa terra. A dobre celebración do Xacobeo nos 21 e 22 debería ser un elemento central sobre o que cimentar esta aposta, mais está por ver se realmente se consegue levar a cabo este cambio na promoción turística do noso territorio; cambiar o “sol e praia” polo amplo abanico de actividades gastronómicas, turísticas e culturais que pode ofrecer Galicia debe axudar na diversificación económica do territorio e polo tanto na súa sustentabilidade a medio e longo prazo.

O informe relaciona estes e outros avances coa consecución do ambicioso ODS número 15, Vida de Ecosistemas Terrestres, no que Galicia deu pasos importantes de cara á conservación de todos os valores e elementos naturais que a conforman. Neste senso aínda queda moito por facer, pois igual que falamos no apartado anterior, Galicia ten un potencial inimaxinable, mais pódense destacar certos avances nos últimos tempos como a aprobación da Lei de Patrimonio Natural, a posta en marcha da Rede Galega de Parques Naturais e da Rede de Reservas da Biosfera ou a mellora do marco normativo autonómico de protección en materia de paisaxe.

No referido ao progreso cara no ODS número 11, que promociona unhas cidadáns e comunidades máis sustentables, o informe destaca avances significativos, como o impulso da Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia ou o Plan de Transporte Público de 2018 así como outras accións interdepartamentais para achegar ás nosas urbes ao modelo da Axenda 2030. Aquí debería ser po-

tenciar o modelo de cidades ou concellos sustentables que ben exemplifican modelos de goberno como a cidade de Pontevedra, amplamente primados en diferentes congresos e premios tanto nacionais como internacionais polo seu modelo de cidade que pon no centro do seu crecemento ás persoas.

Por último, con respecto aos avances no que se refire a unha transformación do propio modelo económico –cambios nos modelos de produción e consumo, promoción da economía circular, redución do impacto no medio e mitigación do cambio climático- recollido nos obxectivos 8, 12 e 13; o informe salienta dous progresos recentes que deberán dirixir os avances nestes obxectivos nos próximos anos: a Estratexia de Economía Circular 2030, cunha dotación de 865 millóns e que espera un retorno superior aos 6.000 millóns de euros; e a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, que ten como meta alcanzar a neutralidade climática mediante unha dobre vertente, unha redución das emisións e un incremento da nosa capacidade de absorción natural do medio.

Os avances na construción dun modelo de gobernanza operativo son importantes, mais aínda queda unha enorme tarefa por facer, especialmente no plano operativo. Un proxecto de esta magnitude, con obxectivos transversais que precisan de cambios estruturais, e que en algúns casos teñen unha dificultade considerable para a súa medición intermedia presenta un desafío magnánimo, pero necesario para reformular o noso futuro como país, como sociedade e como pobo que aspira a non deixar a ninguén atrás e convivir en harmonía co marabilloso entorno natural que nos rodea.

Daniel González Palau

8. Ordenar a acción exterior de Galicia na Década Xacobeia

Desde o ano 2014 e 2015, coas Leis de Acción Exterior e Tratados internacionais españolas, a Xunta de Galicia activou procedementos para axectar a súa acción exterior ao novo marco normativo do estado. Primeiro foron dous Decretos (2015 e 2016), que deron a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) coma resultado operativo no 2018, e despois de dous anos de traballo e coma consecuencia desta, a Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, finalmente publicada no DOG o 15 de marzo deste 2021.

A Lei abre agora un ilusionante camiño ao recoñecer ao máis alto nivel normativo da comunidade autónoma, a relevancia da acción exterior de Galicia coma fenómeno público, presente de maneira transversal en todos os niveis de goberno e institucións autonómicas, mais tamén na propia sociedade. A súa entrada en vigor debera marcar un antes e un despois no desenvolvemento da nosa paradiplomacia. Máis cando falamos dun espazo de traballo sensible no actual Estado das Autonomías, que en Galicia semella pertinente orientar desde a condición estatutaria de nacionalidade histórica, dado o elevado potencial do noso capital exterior, xa ben sexa polos Camiños a Santiago, o noso xen atlántico e celta, lusófono, así coma moi especialmente pola nosa diáspora. Elementos todos que tecen unha malla de intereses galegos que o impulso da Lei recoñece e pode aproveitar para o modelo de desenvolvemento da Galicia do futuro.

Neste contexto e no marco das incertezas da sociedade internacional caracterizada pola pan-

demia, propomos neste artigo un proceso normalizador da acción exterior galega, que acompañando ao desenvolvemento da Década Xacobeia, xere coherencia, eficacia e eficiencia, diante da inflación operativa e simbólica da acción internacional galega das últimas décadas. O obxectivo, quizais cándido, sería o de converter o consenso arredor dos valores e potencialidades do perfil internacional de Galicia nun compromiso firme de actualización institucional e modernización da Autonomía.

Sen ánimo de ser exhaustivos, mais si de apuntar algúns retos que a nosa acción exterior debera ter presente na próxima década, achegámonos de maneira sintética a seis eixos de traballo. Aos seis podemos estar atentos xa desde o 2021, mais certeza serán relevante ao longo dos anos 20, cando a fin da crise sanitaria establece os marcos de xogo da globalización Post Covid-19.

1. Socializar a Lei e a nova Estratexia Galega de Acción Exterior Post 2021: A nova EGAEX que presumiblemente será definida durante o 2022 podería ser, alén dunha reflexión estratéxica por áreas xeográficas e temáticas, un documento desde onde programar, coñecer e medir o que facemos. Desta maneira a EGAEX pasaría a ser o núcleo central desde onde ordenar a nosa acción exterior, podendo ter nos Xacobeos da década dos 20, como grande selo internacional de Galicia, un paraugas central desde onde aproveitar sinerxías e maximizar capacidades de retorno co resto das dimensións e liñas de traballo da nosa acción exterior.

2. Galicia na acción exterior española: A definición da Lei formaliza algún dos procesos de colaboración da autonomía co Estado, coma por exemplo na atención de tratados internacionais específicos que afecten a Galicia. Así as cousas e alén da participación puntual e formal que a Lei permite a Galicia na diplomacia estatal, as posibilidades da Lei Paz Andrade e o noso vínculo con

Portugal e a lusofonía, pode ser posto en valor de maneira operativa e pragmática. Primeiramente coa probable entrada de España na CPLP (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa) a finais do verán de 2021. Galicia merece ter un papel especialmente significado neste acontecemento, por exemplo coa creación da Casa da Lusofonía no contexto da rede temática de Casas de diplomacia pública do Ministerio de Exteriores.

3. Galicia en Europa, a Fundación Galicia-Europa e o Brexit: Se ben é certo que nos últimos anos a Xunta de Galicia, por medio da Fundación Galicia Europa ou o IGAPE (entre outros entes), impulsaron procesos de apoio ás empresas, entidades e persoas afectadas pola definición do Brexit, o papel de Galicia en Europa merece máis atención. O proceso de redución orzamentaria da Fundación Galicia Europa nos anos posteriores a crise económica de 2008-2009 sinalan a necesidade de apostar por un reforzamento estratéxico da mesma, ou incluso, a súa propia reconversión para adaptala ao contexto actual, onde unha relación ambiciosa coas institucións europeas podería ser pilar esencial da acción exterior galega, non só para a Xunta de Galicia, se non para o conxunto de institucións do sistema autonómico e do conxunto da sociedade.

4. Galicia na lusofonía: Alén da previsible entrada de España na CPLP no 2021 Galicia debe contar cun plan propio para relacionarse coa CPLP (onde conta xa co Consello da Cultura de Galicia e a Academia Galega da Lingua Portuguesa coma observadores consultivos) así coma con Portugal, no impulso do arco atlántico europeo e da propia Eurorexión. Ademais, a relación con Brasil e os países africanos de lingua portuguesa está chea de oportunidades que hai anos que non se acaban de consolidar, alén de experiencias concretas de éxito que debemos ollar con atención. Coma con todo na acción exterior de Galicia, non podemos pasar de

O a 100, mais si a contar con diagnoses, procesos participativos e plans mínimos que den cohesión as nosas posibilidades nestes países. O Observatorio da Lusofonía Paz Andrade que deixa a negociación da Lei é unha boa nova nesta dirección.

5. Galicia entre a vella e a nova diáspora: A pegada internacional da nosa diáspora e mundialmente recoñecida e no mundo do S.XXI representa unha oportunidade en todos os ámbitos, que aínda debendo ter presente a asistencia social tradicional prestada pola SX de Emigración, pode avanzar cara unha acción máis estratéxica que poña a funcionar a rede de centros galegos no mundo coma potenciais focos non só de galeguidade, se non de oportunidades concretas para todos. A convivencia entre as novas e vellas formas de diáspora sitúanos diante dunha rede informal de diplomacia pública que podemos aproveitar para o posicionamento dos nosos produtos, desde o Xacobeo, mais tamén para empresas, axentes culturais ou académicos... A Lei abriu oportunidades concretas nesta dirección, e agora hai que actualalas.

6. Ordenación da paradiplomacia local e revitalización do CAEX: As cidades, as Deputacións e as Universidades, como actores institucionais do ecosistema autonómico na relación co internacional, teñen tamén a responsabilidade de axeitarse a Lei de acción exterior galega, gañando coherencias internas nas moi variadas actividades internacionais que desenvolven. Nese necesario proceso de ordenación interna que especificamente deberan impulsar cidades e Deputacións, a revitalización do Consello de Acción Exterior da Xunta de Galicia, debe aspirar a estimular á cooperación mínima permanente, na procura de plans de traballo estratéxicos de alcance, con vocación e mecanismo reais de participación. Sería este un espazo axeitado onde tecer complicidades e liñas de traballo fóra do rebumbio partidista e electoral.

Esta liñas necesarias de atención non son máis que unha simplificación das cuestións máis relevantes e visibles que afectan as posibilidades de Galicia na súa relación co internacional no curto e longo prazo. Estas pinceladas son unha avaliación sincera, que aínda celebrando o proceso de gota a gota polo que a nosa acción exterior gaña na súa dimensión normativa, amosan que hai camiño e oportunidades para dar un salto de calidade e impulso operativo.

Elsa Quintás

9. A defensa do galego nas institucións internacionais

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha entidade social criada en 1986, co obxectivo de avanzar na plena normalidade da lingua galega. Con este fin impulsa accións encamiñadas a promoción e reivindicación da presenza e uso do galego en aqueles espazos onde está excluído e a garantir o dereito ao uso da nosa lingua en todo e para todo, a través de diferentes proxectos, iniciativas e campañas.

Para mostrarmos algúns exemplos, o proxecto Abertos ao Galego, destinado a promover o consumo e a responsabilidade empresarial co idioma; a Liña do Galego para tramitar queixas, parabéns e dar información relacionada co uso do idioma; a iniciativa popular presentada no Parlamento galego en 2017 para eliminar as restricións á presenza do galego no ámbito socioeconómico; a campaña para manter o uso do galego no sistema de saúde; ou recentemente a Iniciativa Xabarín para termos galego en todas as plataformas e dispositivos de televisión, son algúns dos proxectos recentes da que é a maior asociación cultural de Galiza por número de socias e socios.

De entre os ámbitos onde actúa A Mesa tamén destaca o internacional. Non podemos admitir como válido o principio de dar dereitos con tal de non se exercerem, como tantas veces acontece respecto do noso idioma, e o dereito a non sufrir discriminación por razón de lingua está recollido na Declaración Universal dos dereitos humanos, e afecta ademais a outros dereitos como a educación, a saúde, o benestar ou o emprego. Os dereitos lingüísticos están tamén contemplados noutros acordos e tratados internacionais como a

Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos ou a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas ratificada polo Estado español en 2001. Para exercer a defensa deste dereitos cómpre acudir a aqueles organismos que velan por eles. É o caso do Consello de dereitos humanos da ONU ou do Consello de Europa.

A Mesa actúa nestes ámbitos dentro das posibilidades dunha entidade que se sostén principalmente das achegas de socias e socios. Desde a ratificación da CELRM a Mesa foi consultada polo Comité de expertos do Consello de Europa que avalía o seu cumprimento polo estados asinantes, contrarrestando nestes informes o enorme peso co que conta do Estado español que até hoxe foi incapaz de cumprir minimamente o establecido neste tratado internacional.

O grande paso na denuncia internacional da vulneración dos dereitos lingüísticos en Galiza foi a intervención por primeira vez no Comité de dereitos humanos da ONU en 2015 dentro do 44º exame periódico universal en colaboración con outras entidades de defensa das linguas doutros territorios do Estado español que forman parte da ELEN. A esta intervención, cuxo antecedente foi a denuncia feita por exiliados en 1954 na asemblea da UNESCO en Montevideo, sucedérona outras tanto no Consello de dereitos humanos como recentemente perante o relator especial da ONU para os dereitos das minorías nacionais que, finalmente, emitiu un informe recoñecendo as dificultades para o uso do galego impostas polo propio Estado en ámbitos como a xustiza, a administración ou o ensino.

O desenvolvemento desta actividade diante de institucións internacionais sería de enorme dificultade sen a participación da Mesa na Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN, no seu acrónimo en inglés) tanto polo recoñecemento co que xa conta como ONG internacional como

pola experiencia nestes ámbitos co que xa contan outras entidades coas que compartimos experiencias e obxectivos, alén das diferenzas por actuar en realidades sociais diversas.

A Rede Europea de Igualdade Lingüística (ELEN) é unha organización non gobernamental que ten como obxectivo promover e protexer as linguas minorizadas de Europa e traballar cara á igualdade lingüística para esas linguas no ámbito máis amplo dos dereitos humanos, e ser unha voz para falantes destas linguas a nivel nacional, europeo e internacional.

Creouse en 2011 sobre a base dos antigos comités dos estados membros da Oficina Europea para as Linguas Menos Usadas (EBLUL). O obxectivo de ELEN é representar aos 50 millóns de persoas, o 10% da poboación da UE, que falan unha lingua minorizada. ELEN representa até agora 44 linguas minorizadas e ameazadas en 18 estados. Entre as entidades que forman a parte desta rede, que previamente participaron en EBLUL, está A Mesa pola Normalización Lingüística, que forma parte do seu Comité de Dirección desde 2014 e conta cunha vicepresidencia desde 2016

O traballo diario de defensa de ELEN céntrase na UE, o Consello de Europa e a ONU. Na medida do posíbel, ELEN supervisa todos os proxectos de lexislación que poidan afectar ás linguas europeas e actúa para intervir no proceso lexislativo no seu interese. Por exemplo, mudar os informes do Parlamento Europeo, inserir propostas na Comisión, iniciar informes (por exemplo, o informe sobre linguas en perigo 2013 apoiado polo 92% dos membros) e traballar estreitamente co intergrupo para as minorías tradicionais, Comunidades e idiomas nacionais.

Ademais, ELEN realiza accións similares co Consello de Europa (PACE, FCNM e ECRML) e coa ONU (por exemplo, na Revisión Periódica Universal e co ACNUDH). ELEN tamén actúa localmente cos seus membros como o caso citado da defensa do galego no Consello de dereitos humanos dentro do exame periódico universal (UPR) das Nacións Unidas sobre casos de discriminación contra as linguas cooficiais no Estado español. O traballo de defensa de ELEN deu lugar a unha recomendación favorable das Nacións Unidas para Francia recoñecer as súas comunidades lingüísticas.

Dentro desta actividade destacou a iniciativa de protocolo para a garantía dos dereitos lingüísticos promovida por ELEN baixo a iniciativa Kontseilua (Euskal Herria) no marco da capitalidade europea da cultura de Donosti en 2016. Este documento que contou tamén con participación galega con M^a do Pilar García Negro como membro do comité científico, ademais das achegas da propia Mesa, veu dotar de concreción práctica a Declaración universal dos dereitos lingüísticos de 1996.

A exclusión da lingua galega ten solución. Precisamos do galego para activar todas as nosas capacidades como pobo mais tamén compromiso real e efectivo dos gobernos, a comezar por quen está obrigado legal e moralmente, o noso, o da Xunta, mais tamén o do Estado. A acción internacional é útil para reclamar garantías para o dereito a vivirmos en galego mais non sería posíbel sen a importante mobilización coa que se mantivo viva a reivindicación da lingua galega e a existencia de entidades sociais como A Mesa.

Miguel Penas

10. Carvalho Calero 2020: o galego, o nosso português, é um elemento multiplicador

O ano de 2020 será difícil de esquecer. Um pequeno vírus provocou uma pandemia de escala mundial que por sua vez já deu lugar a uma crise que com certeza não vai ser só económica. Dous mil e vinte foi também o ano em que o Dia das Letras galegas homenageou a figura do professor Ricardo Carvalho Calero. Depois de anos e anos de veto, finalmente chegava o ano das letras de Carvalho Calero, que com certeza será lembrado sempre. Independentemente da crise sanitária, e de todos os contratempos que isto provocou, para a AGAL foi um ano especial porque tivemos a oportunidade de explicar a proposta reintegracionista ao conjunto da sociedade galega. Foi através do legado de Carvalho Calero mas, trinta anos depois do seu passamento, chegamos com uma proposta atualizada e adaptada aos tempos atuais. Mantendo a filosofia e estratégia de Dom Ricardo, o nosso objetivo é dar uma resposta global para o galego. Global porque nela podem refletir-se todas as sensibilidades que por volta da língua existem no nosso país. Com certeza que a vida pós-pandemia vai provocar muitas mudanças no nosso dia-a-dia. Nos nossos relacionamentos, nos nossos hábitos, no nosso modo de olhar para o futuro. Talvez seja também o momento de nos olharmos com franqueza e falarmos para o conjunto da sociedade galega, deixando fora medos e sabendo que temos uma oportunidade estratégica única de sabermos aproveitar as potencialidades da nossa língua própria.

Carvalho chegou a este convencimento no epílogo da sua vida, depois de um percurso vital

dedicado ao estudo do galego e da sua literatura, sendo o primeiro catedrático da matéria na Universidade de Santiago, para ele foi uma conclusão lógica. Em 2020, aproximarmo-nos da sua obra significou podermos-nos aproximar de uma forma de olhar o galego e a sua história e raiz que não repara nas fronteiras políticas, uma forma de saber reconhecer a nossa identidade no português. Uma língua portuguesa que, como galego avançado, para Carvalho tinha que ser fundamental para construir a oficialidade da nossa língua, a que pela primeira vez teria que encarar vários desafios, como a sua entrada no ensino, nos mass-media ou na vida oficial. Carvalho sabia que o português era mais do que uma língua irmã, porque realmente éramos nós, ou como poderíamos ter sido nós, por isso tinha que ser a nossa pedra angular. E tudo isto, antes da existência da Internet e do enorme salto no relacionamento entre as comunidades, fundamentalmente, dos últimos vinte e cinco anos. Hoje Carvalho goza de uma atualidade enorme, porque as necessidades do mundo atual não fazem mais que dar-lhe a razão, porque ele já nos tinha mostrado que o galego, o nosso português, era um elemento multiplicador.

Entender o galego como uma oportunidade para nos internacionalizarmos através do português significa situarmo-nos no domínio das duas línguas latinas mais pujantes na atualidade. Pelo contrário, reconhecer só o castelhano como língua internacional significa cuitar as nossas potencialidades e o desaproveitamento duma enorme oportunidade para o conjunto da nossa sociedade. E com este espírito foi aprovada a 'Lei 1/2014, de 24 de março, para o aproveitamento da língua portuguesa e vínculos com a Lusofonia', o primeiro grande enquadramento legal desta estratégia para o galego. A 'Lei Paz Andrade' nasceu com a força das 17.000 pessoas assinantes da iniciativa legislativa popular (ILP) e foi aprovada por una-

nimidade no Parlamento galego. É um enquadramento legislativo que é preciso desenvolver, mesmo ampliar ou que a sua filosofia impregne outros textos normativos. Criarmos as ferramentas normativas para situarmos o português no centro das políticas para o galego. Quer seja como língua estrangeira, de fácil aprendizagem, quer seja reconhecendo-nos nele como outra variedade mais da língua comum. Focagens e escolhas compatíveis para uma estratégia envolvente e abrangente, que pode ser utilizada por qualquer pessoa da Galiza, independentemente da nossa escolha individual e do relacionamento que desejemos ter com galego. Porque a liberdade realmente não existe se não temos a possibilidade da escolha.

Neste sentido o reconhecimento do português como galego através da 'Ortografia galega moderna' proposta pela AGAL pode ser uma grande oportunidade para nos redefinirmos. Colocando-nos como ponte entre os universos culturais da Lusofonia e da Hispanofonia estaremos, também, a trabalhar por revitalizar os usos da língua galega, tal e como pretendia Carvalho Calero. Porque se o conjunto da população galega acha que a nossa língua é útil, ainda partindo de diferentes argumentos e motivações, poderemos aproveitar melhor todo o que temos construído nestes últimos 40 anos, sobretudo através de propostas e visões inclusivas como a do binormativismo para o galego, reconhecendo que tanto a ortografia usada atualmente pelas nossas instituições como a ortografia galega moderna significam uma riqueza, e que além disso a segunda

nos internacionaliza porque converte o galego em português sem deixar de ser galego. E a partir daí será a sociedade, com os seus usos, que decida em que medida quer que isto aconteça ou não.

Porque já agora, em 2021, deixamos atrás o ano Carvalho Calero, mas temos que lembrar e celebrar os primeiros 40 anos de oficialidade do galego. Não foi até 1981 que a nossa língua, no nosso território, conquistou o seu atual status legal. Neste ano, após aprovado o Estatuto de Autonomia, o galego passou a ser língua oficial, junto do castelhano, e língua própria da Galiza com carácter legal. Durante o ano Carvalho Calero pudemos conhecer em primeira mão como este facto marcou o seu pensamento. Carvalho sempre foi uma pessoa honesta e a melhor homenagem que podemos fazer-lhe é sermos honestos também com nós próprios como coletivo, avaliando estes 40 anos, tanto no que tem a ver com as políticas linguísticas fomentadas como no que tem a ver com como agimos enquanto sociedade.

Acompanhar o legado de Carvalho é fundamental para marcarmos estes novos rumos que precisamos, aproveitar as nossas potencialidades e oportunidades, sobretudo em tempos de incertezas. Tirar proveito desta riqueza é alargar ao conjunto da cidadania galega o aproveitamento das oportunidades do galego como língua internacional. Esse poderia ser um resumo dos ensinamentos de Carvalho Calero, adaptados à realidade atual, mas procurando novas vias e debates que talvez em 1981 parecessem impossíveis, pelo que for, mas agora não deveriam ser.

Encarna Otero

11. Unha lectura feminista a Xeración NÓS

A revista Nós, ou xerazón Nós, marcaron do 1900 ao 1936 a vida cultural e política na Galiza. Foron tempos de medre económico, de mudanzas sociais e de conquistas políticas e asemade culturais; foi posíbel a construción nacional de Galiza que agromou no plebiscito do Estatuto de Autonomía, aprobado por ampla maioría no mes de Xuño do 1936. Eles e mais elas, homes e mulleres foron os e as protagonistas destes tempos novos cheos de soños e esperanzas.

Si ben na revista Nós (1920-1936) a participación feminina foi mais ben escasa, na Galiza as mulleres irán mudando a vida. Na revista a participación mais destacada e activa foi a de Francisca Herrera, que achegou tres colaboracións. No ano 1921 N.6 do boletín escribiu un ensaio costumbrista titulado “ A muller galega”. No ano 1923 N.20 un conto titulado “A neta da naipeira” e no ano 1931 N. 91 un texto poético titulado “ A nosa nai Galiza”. Esta autora tamén formou parte do consello de redazón do Boletín Nós a partires do N.13, en novembro de 1922. A lingüista alemán Margot Sponer publicou tamén algún traballo, e nos suplementos N.30-31 do ano 1931 saíu publicada unha conferencia de M^a Pura Lorenzana sobre o nacionalismo galego, que impartira dous anos antes na asociación Xuventude Católica Feminina de Santiago. Esta última autora era socia activa do Seminario de Estudos Galegos, pertencía á irmandade da fala de Compostela e militaba no Partido Galeguista.

As mulleres galegas, nestes anos, eran protagonistas, escribían, participaban na vida cultural, económica, social e política, e mudaban as súas

vidas e o país. As numerosas publicacións, traballos, congresos e exposicións organizados no centenario das Irmandades da Fala, e máis concretamente do nacemento da sezón feminina destas Irmandades (Coruña 1918) deron conta e visibilizaron a tantas mulleres galegas protagonistas. Os libros de Noa Rios Bergantinhos e de Aurora Marco dan boa conta destas mulleres e do seu traballo e militancia feminista. Ó álbum de mulleres do centro de estudos feministas do Consello da Cultura Galega é unha ferramenta indispensable para achegarse a tantas mulleres esquecidas e silenciadas na historia de Galiza. Estas mulleres xa debería estar hoxe incorporadas como unha parte imprescindible da Historia de Galiza. Silencialas ou ocultalas constitúe un acto de ignorancia ou de falsidade.

Cómpre subliñar que nos tempos da revista Nós, houbo tamén voces masculinas que partillaban esta loita feminista das mulleres galegas; nos artigos de A Nosa Terra de José Sarmiento Tabares -ano 1919, e de Jose Via Golpe -ano 1920, este último membro da Irmandade de Betanzos, ambos manifestan o seu compromiso solidario coa causa das mulleres. Asemade Antón Villar Ponte, casado con Micaela Chao Maciñeira, unha das fundadoras da Sezón feminina da Irmandade da Coruña facía loubanza, no 1918, da vontade do goberno británico por aprobar o sufraxio feminino. O propio Ánxel Casal, casado con María Miramontes, outra das militantes fundadora da sezón feminina das Irmandades na Coruña, cun chisco de retranca falaba “do pouco apego que tiña o grupo de Ourense de Nós polas ideas das mulleres”...

Sómente farei un percurso curto como mostra, desas mulleres galegas pioneiras, modernas e libres; devanceiras e mestras que estiveron á fronte de loitas e mobilizacións populares contra os tributos abusivos, os arbitrios; nas mobilizacións agraristas. Nas loitas fabriles na mellora de

salarios e condicións laborais. Nas loitas políticas na defensa do voto, da cidadanía e dos dereitos nacionais de Galiza, nas Campañas do Estatuto de Autonomía, etc.. Algunhas deixaron as súas vidas nas mobilizacións de Ferrol, de Sofán, de Noia, de Sobredo, da Coruña e de outros lugares da Galiza... Chamábanse Generosa, Rosa, Francisca, Cándida e unha longa listaxe de moitas outras. As liberdades e dereitos de Galiza conquistadas entre 1900 e 1936 tamén tiñan nomes de mulleres.

No ano 1918, naceu na Coruña a primeira sección feminina das Irmandades, 12 mulleres formaron a súa directiva. A ditadura de Primo de Rivera, chamoulles “as malvadas” pola súa ousadía, eran republicanas, galeguistas, libertarias, comunistas, sindicalistas. Colaboraron na Nosa Terra pedindo o voto para o Estatuto, cunha sección propia chamado “O Recanto da Muller”. Mesmo algunhas como María Gómez foron Alcaldesas (A Gudiña 1936) e por iso cando chegou a barbarie da sublevación militar contra o goberno lexítimo da República, foron asasinadas, torturadas, encarceradas, represaliadas, peladas, perseguidas pola barbarie franquista da santa cruzada. Viviron no exilio exterior e interior, e asemade, sufriron tamén a represión por seres nais, esposas, irmás de republicanos...

Quixera rematar este artigo nomeándooas, non a todas porque non podería, mais si a algunhas delas, neste ronsel de mulleres pioneiras, bravas e ledas que soñaron unha Galiza mellor. Filomena Dato Muruais, Herminia Fariña Cobian,

Carmen Prieto Rouco, Elvira Fernandez Lopez, Sofía Casnova, Emilia Pardo Bazán, Mercedes Pinto, Maria Santos Freire, Elvira Bao, Josefa Vazquez, Teresa Chao, Maria Balboa, Ermitas Lopez, Micaela Chao, Rosa Martinez, Avelina Fernandez, Geneveva Casal, María Miramontes, Avelina Sardina, María Barbeito Cerviño, Luisa Cuesta Gutierrez, Clemencia Otero Frenández, Emilia Calé Torres, Amparao Taboada, Margarita Astray Reguera, Mercedes Bieito Bouzas, Lolita Diaz Baliño, M^a del Carmen Corredoira, Emilia Docet Ríos, Dolores del Rio Sánchez, María Antonia Sanjurjo, Olimpia Valencia, Hipolita Muñoz, Dolores Parga Serrano, Avelina Valladare, Amparo Lopez Jean, Joaquina Trillo, Corona Gonzalez, Sara Insua, Daría Gonzalez Gaarcia, M^a Luz Morales (Directora da Vanguardia de Barcelona durante os primeiros meses da guerra no 1936). Foron pioneiras e abriron camiños para que as mulleres galegas de hoxe puidesen avanzar no seu devalo; por iso a historia de Galiza sen elas está muda.

Bibliografía e recursos

- Rios Bergantinhos (2001) A mulher no nacionalismo galego (1900-1936), Laiovento.
- Marco Aurora (2020) Irmandiñas. Laiovento.
- Día da Muller no museo do pobo galego-2017. Ed.Museo do pobo galego.
- V.V.A.A.(2017) Repensar Galicia-As Irmandades da Fala. Museo go pobo galego. Xunta de Galicia.
- Álbum de mulleres Consello da Cultura de Galicia.

WE
in the **WORLD** 2021

NÓS NO MUNDO **INFORME ANUAL**
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [BOLETÍN ELECTRÓNICO](#)
na páxina web WWW.IGADI.GAL ou [escríbenos a info@igadi.gal](mailto:info@igadi.gal)